



ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL
BOLETÍN SEMANAL DO 04 AO 10 DE NOVEMBRO_2024

BOLETÍN SEMANAL DE CONVO- CATORIAS

ACTIVIDADES, BOLSAS, CONCURSOS...



ACTIVIDADES

Do 08/11/2024 ao 27/11/2024

Actividades de novembro no Espazo Xuvenil O Remanso

O Espazo Xuvenil O Remanso organiza unha serie de actividades durante o mes de novembro. As actividades son todas de balde, para rapaces e rapazas de 12 a 30 anos, ambos cumpridos.

[+INFO](#)



Do 09/11/2024 ao 17/11/2024

Semana da Ciencia 2024

Os Museos Científicos Coruñeses celebran do 9 ao 17 de novembro a Semana da Ciencia, 9 días consecutivos de entrada gratuíta nos que o público poderá gozar dos exposicións interactivas dos tres centros: Aquiarim Finisterrae, Casa das Ciencias e Domus.

[+INFO](#)



Do 02/11/2024 ao 30/11/2024

Filmoteca de Galicia: programación novembro 2024

A Filmoteca de Galicia presenta a súa programación para o mes de novembro, que continúa cos ciclos "Universo Agnès Varda", "Walker", dedicado á serie do director Tsai Ming-liang, e "Close Up: cine e perspectiva de xénero". Ademais inicia o ciclo "Escuela de Cineastas. O lugar das prácticas do IIEC-EOC", un ciclo dedicado á directora xaponesa Sumiko Haneda e acollerá varias das proxeccións do Cormorán Film Fest. Xunto con isto, os filmes integrados nas habituais seccións "Fóra de serie" e "Off Galicia".

[+INFO](#)



Do 04/11/2024 ao 30/11/2024

25N "Non hai excusas"

O Concello da Coruña presenta o programa de actividades organizadas para o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o próximo 25 de novembro, baixo o lema "Non hai excusas"

[+INFO](#)





ACTIVIDADES

Do 07/11/2024 ao 30/11/2024

Programación Sala Fernando Rey, novembro 2024

A sala Fernando Rey do Fórum Metropolitano presenta no mes de novembro o ciclo de cinema "Italia en V.O."



[+INFO](#)

Do 08/11/2024 ao 30/11/2024

Programación Sala Marilyn Monroe, novembro 2024

A sala Marilyn Monroe do Fórum Metropolitano presenta no mes de novembro o ciclo de cinema "Universo Wong Kar-wai" dedicado a este director nado en Hong Kong.



[+INFO](#)

Do 07/11/2024 ao 12/12/2024

Ciclo de conferencias «Mes escéptico 2024»

A Domus acolle catro charlas organizadas pola asociación Círculo Escéptico.



[+INFO](#)

Do 13/11/2024 ao 15/11/2024

Coruña Comunica Ciencia

"Coruña Comunica Ciencia" é un evento de comunicación científica que, durante tres días, terá lugar no Teatro Colón co obxectivo de achegar a ciencia ao público xeral a través de diversos formatos de divulgación: teatro, conferencias, experiencias híbridas e música.



[+INFO](#)

Do 07/11/2024 ao 04/12/2024

Ciclo de conferencias "Entre o amor e a morte. As paixóns na arte"

A Fundación Barrié organiza, en colaboración coa Fundación Amigos do Museo do Prado, un ciclo de conferencias para abordar o modo en que o amor, a morte, a alegría, o humor ou o desexo foron representadas na pintura e a escultura, pero tamén noutras disciplinas como a arquitectura e a música.



Ciclo conferencias
Francisco Calvo
Serraller
Fundación
Amigos del Museo
del Prado

[+INFO](#)



ACTIVIDADES

Do 07/11/2024 ao 28/11/2024, os xoves

Ciclo de conferencias "Mulleres guerreiras nos séculos XV-XVII"

A Fundación Biblioteca da Casa Consulado organiza o ciclo de conferencias "Mulleres guerreiras nos séculos XV-XVII", que terá lugar na veciña Igrexa das Capuchinas.

[+INFO](#)



Do 24/10/2024 ata o 28/11/2024, os xoves

Ciclo de conferencias "Rubens e a Torre de la Parada"

O Museo de Belas Artes da Coruña organiza o ciclo de conferencias "Rubens e a Torre de la Parada" no marco da exposición virtual interactiva "Torre de la Parada. Un espazo pictórico para Rubens".

[+INFO](#)



Do 15/11/2024 ao 16/11/2024

VII Xornadas Científicas "Memoria Consciente. Miradas cruzadas aos retos do feminismo no patrimonio"

A área de Patrimonio da Deputación da Coruña pon en marcha, en colaboración coa A.C. Alexandre Bóveda, unha nova edición das Xornadas Científicas baixo o título "Memoria Consciente. Miradas cruzadas aos retos do feminismo no patrimonio". Conferencias, mesas redondas, obradoiros, actuacións artísticas e un roteiro compoñen un programa dedicado a reflexionar sobre o papel da muller no patrimonio.

[+INFO](#)



Do 30/10/2024 ao 29/11/2024

Festigal 2024

FESTIGUAL, o festival das Artes Inclusivas da Fundación Emalcsa e o Concello da Coruña, ten como fin romper coas trabas que se atopan moitas persoas á hora de crear e consumir cultura. Para a súa 8ª edición presenta unha das programacións máis completas, abrangendo dende teatro, música, danza, exposicións e graffitis, ata encontros formativos e actividades para todas as idades.

[+INFO](#)





BOLSAS E AXUDAS

Inscripción: ata o 21/11/2024

Programa de bolsas de diversidade AFS Intercultura, curso 2025-2026

AFS Intercultura convoca un ano máis as bolsas e bolsas de estudo para realizar un curso escolar no estranxeiro destinadas novos estudantes de secundaria e bacharelato que queiran vivir esta experiencia de aprendizaxe intercultural.



+INFO



CONCURSOS E PREMIOS

Inscrición: ata o 15/11/2024

Premios Youtubeiras+ 2024

Os premios Youtubeiras+ teñen como finalidade estimular a creación en galego no YouTube e en TikTok con temáticas e formatos diversos, así como promover e visibilizar os diferentes perfís de persoas creadoras na Rede. Trátase dunha iniciativa de dinamización lingüística da que na actualidade forman parte a Deputación da Coruña, as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e varios concellos de Galicia.



[+INFO](#)

Inscrición: ata o 15/11/2024

XXIII Concurso de relato oral Tíralle da lingua

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega convoca o XXIII Concurso de Relato Oral Tíralle da Lingua.




[+INFO](#)

Inscrición: ata o 15/11/2024

Premio Arume de Poesía para a Infancia

A Fundación Xosé Neira Vilas xunto con GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) e co patrocinio de Deleite, convocan o Premio Arume de Poesía para a Infancia co obxectivo de recoñecer a calidade literaria de textos poéticos creados para nenos e nenas e fomentar a lectura de poesía entre este lectorado.



[+INFO](#)

Inscrición: ata o 28/11/2024

XII Concurso de creación literaria do Concello de Betanzos

O Concello de Betanzos convoca o XII Concurso de creación literaria para promover a escrita creativa e fomentar a creación literaria en galego.



[+INFO](#)



CONCURSOS E PREMIOS

Inscripción: ata o 29/11/2024

XVIII Certame literario “Terras de Chamoso”

A Asociación Cultural Arumes convoca unha nova edición do certame literario "Terras do Chamoso".

[+INFO](#)



Inscripción: ata o 30/11/2024

Concurso fotográfico XV aniversario "Torre de Hércules, Patrimonio da Humanidade"

La Opinión A Coruña organiza un concurso de fotografía para conmemorar o XV aniversario da declaración da Torre de Hércules Patrimonio da Humanidade.

[+INFO](#)



Inscripción: ata o 30/11/2024

III Premio de novela “Camiño de Santiago”

A Academia Xacobeana convoca a terceira edición do Premio de Novela Camiño de Santiago co fin de promover e divulgar o Camiño de Santiago e o fenómeno Xacobeo.

[+INFO](#)





CURSOS

Do 04/11/2024 ao 01/12/2024

A Escola da Bici, cursos novembro

A Escola da Bici de Mobi-liza organiza cursos para persoas adultas e para a infancia con varios niveis de aprendizaxe.

+INFO



Do 15/11/2024 ata o 23/11/2024 (Inscripción: ata o 13/11/2024)

Curso de Primeiros Auxilios Básicos

O Centro de Formación Cruz Vermella da Coruña organiza un curso para obter os coñecementos básicos sobre Primeiros Auxilios, abarcando o mantemento do soporte vital básico e breves nocións sobre a atención a persoas enfermas ou accidentadas.

+INFO



VARIOS

Inscripción: ata o 20/11/2024 para o Grupo de Debate e ata o 30/11/2024 para a Consulta

Participación na elaboración da Lei de Mocidade e Xustiza Interxeracional

O Ministerio de Mocidade e Infancia ofrece á rapazada a posibilidade de participar na elaboración da Lei de Mocidade e Xustiza Interxeracional, que pretende recoller e atender as preocupacións e necesidades das mozas e mozos.



+INFO

CONTACTO

Servizos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano

Rúa Río Monelos, 1. 15006 A Coruña
Tel.: 981 184 294

Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora

Lugar Gramela 17. 15011 A Coruña
Tel.: 981 189 888 (Ext. 34324 / 34325)

Espazo de Información Xuvenil Naves do Metrosidero

Av. do Metrosidero, Nave 03. 15001- A Coruña
Tel.: 981 189 895 (Ext. 10701 / 10702)



606 362 366



cmix@coruna.gal



coruna.gal/informacionxuvenil



Facebook **coruna.gal/informacionxuenil**



**mocidade
coruña**



X